

# MONFORTE de LEMOS

## *Festas Patronais*



Na honra á Virxe de Montserrat

do 10 ó 16 de agosto **2022**

## CONTIDO

<i>Páxina 3</i>	<i>Saúdo do Alcalde</i>
<i>Páxina 4</i>	<i>Programa das festas</i>
<i>Páxina 20</i>	<i>Actividades culturais –Verán 22</i>
<i>Páxina 27</i>	<i>Competicións deportivas –Verán 22</i>
<i>Páxina 28</i>	<i>Colaboracións</i>
<i>Páxina 38</i>	<i>Plano da cidade</i>
<i>Páxina 39</i>	<i>Teléfonos de interese</i>

### Ficha técnica

## PROGRAMA DE FESTAS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

### Coordinación

- Delegación Municipal de Cultura

### Cartel das festas

- Cesar Álvarez Núñez

### Fotografías

- Jesús Rodríguez Montero

### Colaboracións

- Manuel Lois Vázquez.

- Miguel Piñeiro

- Mario Iglesias

- Miguel de la Fuente

### Deseño Gráfico

- Imprenta Chuzos

[www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

---



## Saúdo Do Alcalde

Estimados veciños, veciñas e turistas que nos visitan:

Por fin, despois de dous longos anos marcados pola incidencia da Covid-19, en 2022 Monforte volve a celebrar as súas Festas Patronais, dando un paso definitivo cara á normalidade que todos desexamos.

O meu compromiso co mantemento das tradicións monfortinas é firme e mantense ano a ano. Os actos de honra á Patroa a nosa Señora Virxe de Montserrat, as Festas que merece Monforte ou os Fogos do río Cabe, son os meus compromisos irrenunciábeis con todos os monfortinos.

Aproveito estas páxinas do programa das Festas Patronais 2022 para trasladarvos a todos o meu afectuoso saúdo e para convidarvos a que participedes e gocedes de todas as actividades que deseñamos, xa que vós sodes os auténticos protagonistas das nosas Festas Patronais.



Un dos meus obxectivos foi recuperar o prestixio e a sona das nosas Festas Patronais e creo que, ano a ano, o fomos conseguindo. O 2022 non vai ser menos, estou seguro de que volveremos ser un referente dentro da Ribeira Sacra e no resto de Galicia, superándonos un ano máis.

Pero debido a que durante dous anos non puidemos celebrar en condicións as nosas Festas Patronais, neste ano 2022 teremos un día máis de festas. O pregón e o concerto inaugural serán o mércores 10 de agosto, e do 11 ó 16 continuaremos cun sinfín de actividades e concertos que configuran o espectacular programa que deseñamos para este ano.

Estou convencido de que o Programa deste ano vai volver facer que as nosas Festas sexan o maior atractivo turístico do sur da provincia de Lugo e da Ribeira Sacra en todo o mes de agosto.

Neste ano 2022, haberá un concerto gratuíto a cargo de artistas de renome nacional e internacional cada un dos días de celebración dos festexos. Tampouco nos esquecemos, á hora de deseñar este programa, de contar coa presenza destacada de músicos de Monforte e da comarca, que serán protagonistas tanto nas Festas Patronais como en toda a programación cultural de verán.

Con este cartel das Patronais de 2022 queremos que as Festas de Monforte teñan variedade, calidade musical e cultural, que sexan do agrado dos nosos veciños e que o público que nos visite estes días quede cun bo sabor de boca para os vindeiros anos.


Desexo que as nosas Festas e a nosa cidade brillen con luz propia estes días para o gozo de todos os monfortinos e tamén espero que sexan do agrado de todos os que nos visiten para que poidamos gozar delas todos xuntos.

Dende aquí animovos a que participedes nos diferentes actos programados e que aproveitedes as Festas para vivir momentos únicos coa vosa familia e cos vosos amigos.

Unha aperta e Felices Festas Patronais 2022!

**JOSÉ TOMÉ ROCA**  
ALCALDE DE MONFORTE DE LEMOS

# 10 de agosto MÉRCORES



## 20:30 h **PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS - 2022**

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos lerase o pregón das Festas Patronais do ano 2022, a cargo da exdiputada e escritora monfortina Margarita Rodríguez Otero.

21:00 h **LANZAMENTO DO FOGUETE** que anuncia o inicio das Festas dende o Campo de Santo Antonio.

## 21:00 h **INAUGURACIÓN DA ILUMINACIÓN ARTÍSTICA**

## 22:30 h **CONCERTO DE ROCÍO CAAMAÑO**

Na praza de España actuación de Rocío Caamaño e a súa banda. A formación de música pop de Rocío Caamaño viaxa dende a Costa da Morte ata Monforte con aromas do mar e algo de sabor a cidade, incorporando nese traxecto pensamentos e vivencias propias.




# 11 de agosto XOVES



13:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**LUIGI LUDUS** /Maxia e música  
Na praza de España Luigi Ludus representará o espectáculo **CANTANDO BAIXO A MAXIA**, un espectáculo máxico-musical para toda a familia: xogos co público e con instrumentos sorprendentes, xogos de maxia cantada como os "aros rapeados", un can de peluche que non so é poeta senón que tamén canta.



20:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**LUIGI LUDUS** / Maxia e música

De novo Luigi Ludus na praza de España faranos gozar dunha actuación presentando un show ideal para que toda a familia se introduza no mundo do espectáculo por unha porta máxica e divertida.

20:30 h **GRUPO DE BATUCADA CREATIVA**

O Grupo de Batucada Creativa de Monforte de Lemos amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio da Pinguela ata o centro da cidade.

22:30 h **CONCERTO DE MARÍA DO CEO**

Na praza de España actuación de María do Ceo co seu espectáculo **A FADISTA**. A artista neste concerto canta os fados máis tradicionais da música portuguesa, o pechincha, o moreira, o corrido, o magala, o menor do porto ... e as cancións galegas mais recoñecidas.





**11** de agosto  
**XOVES**



22:30 h **VERBENA**  
Na praza da Compañía coa orquestra **FINISTERRE**.

00:00 h **VERBENA**  
Continuación da verbena coa orquestra espectáculo **PANORAMA** na praza da Compañía.



03:00 h **VERBENA**  
Continuación da verbena coa orquestra **FINISTERRE** na praza da Compañía.



**12** de agosto  
**VENRES**

13:00 h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**MAICLOWN** /Acrobacias aéreas e clown



Na praza de España Maiclown representarán o espectáculo **TENTACIÓN DIVINA** no que Mercurio baixa por primeira vez á terra en Misión Divina. ¿Como será este encontro +entre Mercurio e os Humanos? ¿Que tentacións, perigos e descubrimentos lle esperan? Mercurio vén con moitas ganas de festa, ledicia e humor, moito humor ...

Un espectáculo para todos os públicos onde se combinan diferentes técnicas artísticas como teatro xestual, clown e acrobacias aéreas.

20:00 h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**MAICLOWN** /Acrobacia aéreas e clown

De novo o grupo Maiclown na praza de España faranos gozar dunha actuación presentando unha serie de situacións que cobran vida grazas á combinación de técnicas como o teatro xestual, a acrobacia aérea e o clown e con grandes doses de humor.



20:30 h **OS XOGRARES DE LEMOS**

O **Grupo de Gaitas e Pandeireteiras Os Xogrades de Lemos** amenizará cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio do Val de Lemos ata o centro da cidade.

22:30 h **CONCERTO**



**BANDA DE MÚSICA DE VILALBA** na praza de España.

**12** de agosto  
**VENRES**

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa orquestra **LOS SATÉLITES**.



00:00 h **CONCERTO**



Na praza da Compañía concerto de **LA OREJA DE VAN GOGH**.

01:30 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **LOS SATÉLITES** na praza da Compañía.





# 13 de agosto SÁBADO

12:00 h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**OS MONIFATES** /Música e monicreques

Na rúa do Cardeal teremos nesta mañá música e monicreques coa compañía Os Monifates que representará o seu espectáculo PERCORRENDO OS CAMIÑOS. Un peculiar carromato percorre os camiños tirado por dous músicos ambulantes que no seu camiñar interpretan música tradicional galega ó mesmo tempo que fan danzar uns monicreques que bailan sen cesar e que farán as delicias de nenos e maiores.



13:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**FRANCIS ZAFRILLA** /Maxia, ventriloquia e monicreques.

Na praza de España Francis Zafrilla representará o seu espectáculo ESTE VERÁN TEN MAXIA!, un “megamix” cheo de loucuras, de cancións, de cousas fresquiñas e como non de... maxia! Un magnífico espectáculo deseñado para gozar, participar e divertirse saboreando o... verán e os días de festa.



19:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**OS MONIFATES** /Música e monicreques



Os Monifates deleitaranos na rúa do Cardeal cun espectáculo creado por dous músicos e mestres artesáns, espectáculo que integra a música e os monicreques, mostrando a rica e variada instrumentación e a artesanía galega nunha montaxe didáctica e educativa para todos os públicos.

20:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**FRANCIS ZAFRILLA** /Maxia, ventriloquia e monicreques.

Na praza de España ás 20:00h un foguete aterrará en Monforte de Lemos con destino ao mundo enteiro e cun único obxectivo: contaxiarnos a todos e a todas a súa maxia, ledicia e paixón. Ese foguete que conduce Francis Zafrilla chámase: Este verán ten maxia!.



**13** de agosto  
**SÁBADO**




20:30 h **PANDEIRETEIRAS**

A Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte amenizará a tarde desta xornada festiva dende o barrio de Carude ata o centro da cidade.

21:30 h **CONCERTO DO GRUPO /VERA LYNN**

Na praza de España actuación do grupo monfortino **VERA LYNN**.





23:00h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **EDURNE**.

00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto do grupo **GIN TONI'S**.



02:45 h **CONCERTO**


Actuación de **MALENNE** na praza da Compañía.

# 14 de agosto DOMINGO

12:00 h **O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**  
Sairá dende a praza de España e tocará alboradas por diferentes rúas da cidade. Estará acompañado por **XIGANTES E CABEZUDOS** para o gozo dos máis pequenos.




12:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: O MAGO PACO** /Maxia e clown.



Na rúa do Cardeal actuará O Mago Paco co seu espectáculo LEDICIAS. Neste espectáculo de maxia infantil o Mago Paco fai un percorrido polos seus mellores xogos de maxia cos que pretenderá somerxer a todo o público no seu mundo fantástico, cheo de ilusión e sorrisos.

13:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: KICIRKE** /Mimo, clown, acrobacias e música.

Na praza de España Kicirke realizará a súa actuación de mimo, clown, acrobacias e música ás 13:00 horas co seu espectáculo SOUVENIRS. Gospodin Tuba, un excéntrico mestre de cerimonias, invítanos a coñecer o seu pequeno museo itinerante. O público descubrirá o seu carromato cargado de Souvenirs, lembranzas das súas viaxes arredor do mundo.



19:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: O MAGO PACO** /Maxia e clown.

Na rúa do Cardeal maxia e clown co espectáculo LEDICIAS. Ledicias é un espectáculo versátil, aberto e guiado por unha peculiar personaxe O Mago Paco. O artista fai de cada xogo un momento diferente, no que os nenos e nenas son os verdadeiros protagonistas; creando así un espectáculo propio, aloucado, ruidoso, dinámico e cheo de sorpresas..





# 14 de agosto DOMINGO

20:00 h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**KICIRKE** /Mimo, clown, acrobacias e música.

Na praza de España Kicirke ás 20:00h. En escena veremos un nómade, un cómico que a través da súa quixotesca imaxinación dará vida a un elenco de artistas do máis variado. Un espectáculo de variedades, un vaudeville actual e próximo onde a orquestra son vellos elementos de cociña, o circo é imperfecto e a maxia aparece de forma cómica e casual.



22:00 h **CONCERTO**

Na praza de España realizará un concerto a **BANDA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA.**



23:00 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **ROSARIO FLORES.**



De 00:30 a 02:00 e de 02:30 a 04:00h  
**VERBENA** na praza da Compañía coa orquestra **LOS PLAYER'S.**

# 15 de agosto

## LUNS

### 10:00 h LANZAMIENTO DE 21 BOMBAS DE PALENQUE

O lanzamento de 21 bombas de palenque anunciará o día grande das Festas Patronais.



10:00 h **DÍA DA PATROA** Na praza de Santo Antonio, xunto á Casa do Concello, reuniranse todas as persoas que queiran participar na Homenaxe á Patroa do Val de Lemos, a Virxe de Montserrat. Ás 10:30 h os reunidos e autoridades acompañados da Banda de Gaitas e do Grupo de Baile Tradicional do Concello de Monforte de Lemos sairán cara á igrexa da Régoa onde se realizará a Ofrenda Floral á Patroa da cidade.

### 11:00 h MISA E OFRENDA FLORAL Á VIRXE DE MONTSERRAT.

Misa na igrexa de A Régoa na honra da Virxe de Montserrat cantada pola Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos. Á saída actuará o Grupo de Baile Tradicional xunto coa Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos. O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a Ofrenda Floral á Virxe de Montserrat.



### DÍA DO GAITEIRO

O Concello de Monforte pretende no Día do Gaiteiro amosar e dignificar a riqueza cultural galega a través das súas diferentes expresións. Cuartetos, quintetos, sextetos e cantos de cego populares amosarán a enorme variedade musical de estilos e instrumentos.



# 15 de agosto LUNS



## 11:00 h **ALBORADAS CON GRUPOS DE GAITEIROS**

Grupos de gaiteiros sairán dende a praza de España por diferentes rúas da cidade facendo alboradas e rematarán no centro ás 13:00 h.



Participantes:

- ÉRBEDO – Quinteto Monforte de Lemos
- REDEGAITA - Quinteto Ourense
- O CEGO DA VENEIRA - Cantos de Cego A Pobra do Brollón
- OS XOGRARES – Sexteto Monforte de Lemos
- MERENZAO – Quinteto Monforte de Lemos
- LEMAVOS – Quinteto Monforte de Lemos



## 13:00 h **CONCENTRACIÓN DOS GRUPOS TRADICIONAIS**

No centro urbano de Monforte os grupos tradicionais do **DÍA DO GAITEIRO** divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.



## 20:15 h **PASACALLE**

Dos grupos participantes na Mostra de Danza e Música Tradicional dende o campo da Compañía ata a praza de España.

## 20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL**

Na praza de España coa actuación de:

- O CEGO DA VENEIRA DA POBRA DO BROLLÓN
- GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO DE MONFORTE
- ESCOLA DE DANZA DO CONCELLO DE MONFORTE
- ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA DE MONFORTE
- AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS





# 15 de agosto

LUNS

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa actuación da orquestra **COSTA DORADA**.



23:30 h **BARCAS ENGLANADAS**



No malecón do río Cabe farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas.

A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da Escola Municipal de Gaita e Percusión e da agrupación Os Xograres de Lemos e ten como fin a recuperación desta fermosa tradición local. Ao remate do paseo verase dende o río a tirada de fogos de aire.

00:00 h **FOGOS ARTIFICIAIS DE AIRE**

Dende o monte de San Vicente sesión de fogos de artificio.




00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **ANA MENA**.

02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **COSTA DORADA** na praza da Compañía.



**16** de agosto  
**MARTES**

13:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**AVELA CIRCO** /Clown e acrobacia

Na praza de España ás 13:00 h a compañía Avela Circo representaranos un espectáculo de clown e acrobacia musical para un público infantil e familiar titulado A CORDA.



13:00h **GRUPO DE BATUCADA BATURRUCÁ**

O Grupo Baturruca de Monforte de Lemos amenizará cun pasacalle a hora do vermú desta xornada festiva polo centro da cidade.

19:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**AVELA CIRCO** /Clown e acrobacia



Na rúa do Cardeal ás 19:00 h poderemos ver á compañía Avela Circo.

Como un papaventos sen fío, dende o humor e o circo, esta pallasa fala soa, contéstase, vai e vén porque non atopa o seu lugar, acompañada pola súa fiel bañeira á que a fai soñar e reafirmar que os tolos, non son tan tolos. Que a loucura, cúrao!

20:00h **VIII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

**SU.MA** /Circo acrobático aéreo

Na praza de España e dende as 20:00h actuará SU.MA. A compañía circense realizará un espectáculo titulado IKIGAI. Espectáculo de danza-circo 360° de medio formato, onde dúas personaxes crean mundos de fantasía. Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo son os ingredientes dun espectáculo onde a maxia xorde do uso creativo dos elementos da destreza comunicativa das intérpretes co público.



Os conflitos, decisións e dificultades son parte da vida cotiá. Sempre depende do que nós facemos con eses conflitos e como os resolvemos para que cada momento se converta nunha agradable aventura. Que te impulsa a seguir? a erguerse cada día como se fose novo? Que fai que esperte o teu sorriso? Cal é o teu Ikigai?

# 16 de agosto MARTES



## 20:30 h GRUPO DE BATUCADA BATURRUCA

O Grupo Baturruca de Monforte de Lemos amenizará cun pasacalle a tarde desta xornada festiva dende o barrio da Estación ata o centro da cidade.

## 21:30 h BAILE-CONCERTO DA BANDA DE ACORDEÓNS O FOLIÓN

Na praza de España a Banda de Acordeóns O FOLIÓN da Asociación Cultural Xogrades de Lemos realizará un Baile-Concerto dedicado ás persoas ás que lles guste bailar coas músicas de sempre.



## 23:00 h VERBENA

Na praza da Compañía coa actuación da orquestra **ACORDES**.



## 00:00 h FOGOS ARTIFICIAIS DE AUGA

Dende o Paseo do Malecón sesión de fogos de auga.



## 00:30 h CONCERTO

Na praza da Compañía actuación de **MAGO DE OZ**.



## 02:00 h VERBENA

Continuación da verbena coa orquestra **ACORDES** na praza da Compañía.





# DÍA DO GAITEIRO 15 de agosto

11:00 h. Dende a praza de España Grupos de Gaiteiros percorreren diferentes rúas da cidade facendo alboradas.

GRUPOS PARTICIPANTES POLA MAÑÁ :

**O CEGO DA VENEIRA** Cantos de Cego A Pobra do Brollón

**OS XOGRARES** Sexteto Monforte de Lemos

**LEMAYOS** Quinteto Monforte de Lemos

**ÉRBEDO** Quinteto Monforte de Lemos


**MERENZAO** Quinteto Monforte de Lemos

**REDEGAITA** Quinteto Ourense



13:00 h Concentración dos grupos tradicionais no centro urbano de Monforte onde divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.

<b>OS XOGRARES</b> sexteto Monforte de Lemos
<b>LEMAVOS</b> quinteto Monforte de Lemos
<b>O CEGO DA VENEIRA</b> cantos de cego A Pobra do Brollón
<b>ÉRBEDO</b> quinteto Monforte de Lemos
<b>REDEGAITA</b> quinteto Ourense
<b>MERENZAO</b> quinteto Monforte de Lemos



20:15 h **PASACALLE** dos grupos participantes na **Mostra de Danza e Música Tradicional** dende o campo da Compañía ata a praza de España.



20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL** na praza de España.

<b>O CEGO DA VENEIRA</b> A Pobra do Brollón
<b>GRUPO DE GAITAS</b> Concello de Monforte de Lemos
<b>ESCOLA DE DANZA TRADICIONAL</b> Concello de Monforte de Lemos
<b>FERNANDO ESTÉVEZ RODRÍGUEZ</b> gaiteiro solista
<b>ASOC. CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA</b> Monforte de Lemos
<b>AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS</b> Monforte de Lemos

# VERÁN CULTURAL

## PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE

DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PODERANSE ALUGAR BARCAS DE PASEO NO EMBARCADOIRO DO PARQUE DOS CONDES



## BARCAS ENGANLADAS

15 DE AGOSTO ÁS 22:30 H RECUPERACIÓN DAS BARCAS ENGANLADAS E ILUMINADAS, TRADICIÓN DE MEDIADOS DO SÉCULO XX

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E CLUB DE PIRAGÜISMO QUIXÓS



1 Ó 3/07 **FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA DE MONFORTE DE LEMOS**  
PASEO DO MALECÓN  
CONCERTOS: PRAZA DE SANTO ANTONIO

ORGANIZA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

DO 6 Ó 10/07

## FANCINE DE LEMOS

FESTIVAL DE CINE FANTÁSTICO E DE TERROR DE MONFORTE

ORGANIZA: AMANITA ESTUDIO  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



VENRES 15/07

## CONCERTO DE LOS SECRETOS XACOBEO 2022

PRAZA DA COMPAÑÍA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: PROGRAMA XACOBEO 2022  
DAXUNTA DE GALICIA  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS





SÁBADO 30/07 **NOITE HIPPIE**  
NOITE TEMÁTICA CON APERTURA NOCTURNA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E ANIMACIÓN DE RÚA.

ORGANIZA: CENTRO COMERCIAL URBANO  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

24/07 Ó 2/08 **PARQUE MULTIAVENTURA CON TIROLINA DOBRE, ROCÓDROMO E KARTS A PEDAIS**

ORGANIZA: COMERCIAL URBANO DE MONFORTE  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DO 18/07 Ó 16/08 **EXPOSICIÓN DE CARTEIS DO XXVII CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS -2022**  
SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA  
POETALOIS PEREIRO



ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DO 5 AO 9/08 **22ª MOSTRA ARTELEMONS**  
RÚADO CARDEAL  
MOSTRA DE ARTESANÍA TRADICIONAL E CONTEMPORÁNEA, CON POSTOS DE ARTESANÍA E TALLERES EN VIVO E DEMOSTRACIÓNS.  
OBRADOIROS INFANTÍS E INTERXERACIONAIS: (BARRO, CESTERÍA, PINTURA, COIRO)

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

VENRES 05/08 **FESTIVAL CARUDE ROCK**  
PRAZA DE CARUDE ÁS 20:30 H

ORGANIZA: FESTIVAL CARUDE ROCK  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DOMINGO 07/08 **GALA MÁXICA GALEGA - MAGO RAFA, MAGO IAGO, ... CULTURA NO CAMIÑO 2022**  
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E AGADIC DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

DO 10 AO 16/08

## FESTAS PATRONAIS

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

do 08/08 ao 02/09

## GRUPOS DE MONFORTE CONCERTOS NA RÚA



Luns 08/08 **CERO2CERO** Zona Compañía ás 22:30h  
Luns 08/08 **COOL FLANDERS** Zona Compañía ás 00:00h  
Martes 09/08 **LOS JINETES DEL TRÓPICO** Praza de España ás 23:00h  
Martes 23/08 **DINOSAURIOS** Praza da Estación ás 22:30h  
Martes 23/08 **DOC MAGOO'S** Praza da Estación ás 00:00h  
Mércores 24/08 **PENNY LANE** Zona Compañía ás 22:30h  
Mércores 24/08 **MOVILLA Y LOS IRREPETIBLES**  
Zona Compañía ás 00:00h  
Xoves 01/09 **THE POET SILENCE** Praza da Estación ás 23:00h  
Venres 02/09 **AD HEIRA LITI** Praza de España ás 22:30h  
Venres 02/09 **DELOREANS** Praza de España ás 00:00h

## MÉRCORES 10/08 **CONCERTO DE ROCÍO CAAMAÑO** PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

## XOVES 11/08 **CONCERTO DE MARÍA DO CEO** **CULTURA NO CAMIÑO 2022** PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E AGADIC DA CONSELLERÍA  
DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

## VENRES 12/08 **CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE VILALBA** PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

## SÁBADO 13/08 **CONCERTO DO GRUPO MONFORTINO VERA LYNN** PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

## DOMINGO 14/08 **CONCERTO BANDA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA** PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

MARTES 16/08

**BAILE-CONCERTO BANDA DE ACORDEÓNS O FOLIÓN**  
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

---

20 E 21/08

**FEIRA DE OPORTUNIDADES DE VERÁN**

ORGANIZA: CENTRO COMERCIAL URBANO DE MONFORTE  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

---



18, 19 E 20/08 **MONFORTE FUSIÓN**

XOVES 18

12:30 H PRAZA DE ABASTOS **LENA ÁLVAREZ**

PIANISTA SOLISTA - MÚSICA LIXEIRA. CLÁSICOS E MODERNOS.  
IMPROVISACIÓN

19:30 H PRAZA DOUTOR GOYANES **ACUAREL - RUBÉN REINALDO**

**E KELY GARCÍA**

DÚO DE GUITARRAS - JAZZ / FUSIÓN

VENRES 19

12:30 H RÚA DO CARDEAL **MANUEL S. ARROYO**

PIANISTA SOLISTA. MÚSICA LIXEIRA. CLÁSICOS E MODERNOS. IMPROVISACIÓN

19:30 H PRAZADOS CHAOS **LORENA DO VAL & GONZALO HERRERO**

DÚO CONTRABAIXO E VOZ. MÚSICAS DO MUNDO. TANGO, BOLERO, BOSSA NOVA, JAZZ,  
MÚSICA GALEGA

22:00 H BARRIO DA ESTACIÓN **DIANA TARÍN TRÍO**

MÚSICA LATINA EN XERAL. MÚSICA CUBANA

SÁBADO 20

12:30 H COMPAÑÍA **ABYA YALA ENSEMBLE**

CUARTETO. MÚSICA LATINOAMERICANA DE TODO O CONTINENTE FUSIONADA CON FUNK E  
SOFT ROCK

19:00 H PRAZA DE ESPAÑA **JAVIER CONSTENLA MÁSTERCLASS**

19:30 H PRAZA DE ESPAÑA **JAVIER CONSTENLA & PILAR MARTÍNEZ**

DÚO PIANO E VOZ. SWING, JAZZ

22:30 H PRAZA DE ESPAÑA **KIN GARCÍA TRÍO**

SWING / JAZZ / FUSIÓN

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

---





DOMINGO 21/08

## FESTA DA EMPANADA FESTA GASTRONÓMICA POPULAR

ÁREA DE RECREO DE RIBASALTAS

ORGANIZA: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBASALTAS

COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



## XULLO E AGOSTO CURSOS DE VERÁN 2022 DE MÚSICA E DANZA CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

EDIFICIO MULTIUSOS

**Cursos de Verán 2022**  
**MÚSICA • DANZA**

MÚSICA	DANZA
<p><b>MÚSICA 1º GRUPO:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 4 Ó 8 DE XULLO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.</p> <p><b>MÚSICA 2º GRUPO:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 18 Ó 22 DE XULLO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.</p> <p><b>MÚSICA 3º GRUPO:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 1 Ó 6 DE AGOSTO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.</p> <p><b>MÚSICA 4º GRUPO:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.</p>	<p><b>DANZA:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.</p> <p><b>SAXOFÓN:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE OS DÍAS 27, 28, 29 DE XULLO E 1, 2 DE AGOSTO E CONTARÁ CON 6 PRAZAS.</p> <p><b>GUITARRA:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 18 Ó 22 DE XULLO DISPONENDO DE 6 PRAZAS.</p> <p><b>GAITA E FRAUTA DOCE:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 10 PRAZAS.</p> <p><b>PERCUSIÓN MODERNA:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE OS DÍAS 30 DE XUÑO E 1, 7, 8 E 14 DE XULLO, E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.</p> <p><b>PERCUSIÓN TRADICIONAL:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 10 PRAZAS.</p> <p><b>CLARINETE:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.</p> <p><b>FRAUTA TRAVESA:</b> A PARTIR DE 6 ANOS CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.</p>

**Prezo Único 25 € por solicitude**  
Dous materiais a albar

[www.monforte.delemos.es](http://www.monforte.delemos.es)

### MÚSICA:

\*PIANO 1º GRUPO: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 4 Ó 8 DE XULLO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.

GUITARRA ELÉCTRICA E ACÚSTICA: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 11 Ó 15 DE XULLO E CONTARÁ CON 6 PRAZAS.

VIOLÍN: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE OS DÍAS 18 A 22 DE XULLO E CONTARÁ CON 6 PRAZAS.

VENTO METAL/ TROMBÓN, TROMPETA: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE OS DÍAS 4, 5, 6, 11 E 12 DE XULLO E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.

\*PIANO 2º GRUPO: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 18 Ó 22 DE XULLO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.

PERCUSIÓN MODERNA: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE OS DÍAS 30 DE XUÑO E 1, 7, 8 E 14 DE XULLO, E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.

SAXOFÓN: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE OS DÍAS 27, 28, 29 DE XULLO E 1, 2 DE AGOSTO E CONTARÁ CON 6 PRAZAS.

GUITARRA: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 18 Ó 22 DE XULLO DISPONENDO DE 6 PRAZAS.

GAITA E FRAUTA DOCE: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 10 PRAZAS

\*PIANO 3º GRUPO: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 1 Ó 6 DE AGOSTO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.

PERCUSIÓN TRADICIONAL: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 10 PRAZAS.



CLARINETE: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.

FRAUTA TRAVESA: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E DISPORÁ DE 6 PRAZAS.

\*PIANO 4º GRUPO: A PARTIR DE 6 ANOS, CELEBRARASE DO 22 Ó 26 DE AGOSTO E CONTARÁ CON 9 PRAZAS.



## DANZA:

DANZA TRADICIONAL GALEGA: DE 6 A 9 ANOS, TERÁ LUGAR DO 8 Ó 12 DE AGOSTO, CON 12 PRAZAS.  
DANZA TRADICIONAL GALEGA: A PARTIR DE 10 ANOS, TERÁ LUGAR DO 8 Ó 12 DE AGOSTO, CON 12 PRAZAS.

DANZA MODERNA: DE 6 A 9 ANOS, TERÁ LUGAR DO 22 Ó 26 DE AGOSTO, CON 12 PRAZAS.

DANZA MODERNA: A PARTIR DE 10 ANOS, TERÁ LUGAR DO 22 Ó 26 DE AGOSTO, CON 12 PRAZAS.

BALLET CLÁSICO: A PARTIR DE 6 ANOS, TERÁ LUGAR DO 22 AO 26 DE AGOSTO, CON 12 PRAZAS.

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DO 22/08 Ó 9/09

## EXPOSICIÓN “XXV ANIVERSARIO DA CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE”

SALA DE EXPOSICIÓNS DA CASADA CULTURA  
POETALOIS PEREIRO

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DO 24 AO 27/08

## XXIII FEIRA DO LIBRO DE MONFORTE RÚA DO CARDEAL

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE E FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



24 Ó 28/08

## GYMCANA IRON CHILDREN E JUMPING ACROBÁTICO

ORGANIZA: COMERCIAL URBANO DE MONFORTE  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



## VENRES 26/08 CONCERTO DE OS XOGRARES DE LEMOS

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

VENRES 2/09

## XXV ANIVERSARIO DA CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE

SALÓN DE ACTOS CASADA CULTURA POETA  
LOIS PEREIRO ÁS 19:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



SÁBADO 3/09

## XXI FESTIVAL DE HABANERAS CONCELLO DE MONFORTE

- CORAL SAN ROQUE DE VIGO
- CORAL VOCES GRAVES DE VIGO
- CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE  
MONFORTE

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS  
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



SÁBADO 03/09

## FESTIVAL DO PARADISO

PARQUE DOS CONDES DENDEAS 20:00 H

ORGANIZA:  
ASOCIACIÓN NÁUFRAGOS DO PARADISO  
COLABORA:  
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DOMINGO 04/09

## XORNADA EUROPEA DA CULTURA XUDÍA

VISITAS GUIADAS Á ZONA DE ÁMBITO XUDEU DE MONFORTE  
11:30 e 18:00 h –Saídas dende a Oficina Municipal Turismo/rúa  
Comercio 6

ORGANIZA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS E RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA



MÉRCORES 21/09

## FESTA DE SAN MATEO FESTA POPULAR PARROQUIA DA PARTE

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DA PARROQUIA  
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



# COMPETIÇÕES DEPORTIVAS

CLUB-ENTIDADE	EVENTO	DATA	INSTALACIÓN - UBICACIÓN
Concello de Monforte de Lemos	Campamentos deportivos de verán	1 xullo - 12 agosto	Instalacións deportivas da Pinguela
Club Ximnasia Rítmica Kendra	II Campus de verán de Ximnasia Rítmica	4 - 16 de xullo	Pavillón C.E.I.P. A Gándara
Club Baloncesto Val de Lemos	III Campus de Baloncesto	4 - 29 de xullo	Pavillón dos Institutos
C.P. Calasancio - R.C. Deportivo	Depor Campus - Monforte	11 - 15 de xullo	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte
Club Fluvial	Campamentos de verán e cursos de natación	xullo e agosto	Instalacións do Club Fluvial de Monforte
Club Quixós	3ª Competición da Liga Galega de Promoción Slalom	24 de xullo	Río Cabe - Malecón
Concello de Monforte - R.C. Celta de Vigo	XVI Campus de Fútbol Cidade de Monforte	1 - 5 de agosto	Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas
Club Ximnasia Rítmica Quicela	X Campus de Ximnasia Rítmica	1 - 6 de agosto	Pavillón dos Institutos
Club de Tiro Olímpico Cabe	Torneo de Tiro Festas Patronais	6 - 7 de agosto	Galería de tiro As Lamas
Club Pesca Río Cabe	Concurso de pesca de ciprínidos	7 Ade agosto	Vilasouto
A.D. Río Cabe Golf	Torneo de Golf Concello de Monforte	12, 13, 14, de agosto	Club de Golf Río Cabe
Club Atletismo A Gándara	IV Milla Urbana Monforte de Lemos	13 de agosto	R/ Duquesa de Alba - Monforte
Club Korbis	Torneo de Volei Praia do Cadrado 2022	20 - 28 de agosto	Parque dos Condes
C.V. Ribeira Sacra Monforte	IX Campus de Voleibol Ribeira Sacra - Monforte	22 - 26 de agosto	Pavillón Municipal da Pinguela
C.P. Calasancio	Torneo de Fútbol Xuvenil Memorial Xacobo	10 de setembro	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte
C.P. Calasancio	Torneo Fútbol Base	10 de setembro	Instalacións Deportivas Alex Blanco - Escolapios Monforte

# COLABORACIÓNS

## CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE: 26 ANOS DE ÉXITOS Manuel Lois Vázquez

No mes de marzo de 2021 a Coral Polifónica do Concello de Monforte cumpría 25 anos.

A pandemia impediu celebrar un aniversario tan especial, pero non evitou o máis importante, que as mulleres e homes que conforman esta masa coral sigan cantando.

Hoxe podemos afirmar, con cariño e orgullo, que a Coral Polifónica do Concello de Monforte continua levando o nome da cidade polo mundo adiante dende hai 26 anos, ofrecendo concertos memorables froito do esforzo e o tesón de cada un dos seus compoñentes.

### FUNDACIÓN

A Coral fundouse en maio de 1996 por iniciativa dun grupo de amigos amantes da música e o canto. O seu primeiro director foi D. Xoan Antón Vázquez Casas, a quen sucedeu en maio de 1997 e ata a actualidade, D. Fernando Sanmartino Pérez.

A iniciativa contou co apoio incondicional do que naquel momento era o alcalde de Monforte, D. Nazario Pin Fernández, apoio que seguiron prestando os seus sucesores no cargo, D. Severino Rodríguez Díaz e D. José Tomé Roca.

En 1999 as persoas que integraban a Coral Polifónica do Concello de Monforte decidiron crear unha asociación que presidiu durante vinte anos D. Ramón Rodríguez Buján, "Ramonín", ata que en 2019 tomou o relevo a actual presidenta, D<sup>a</sup> María del Carmen Lobo.

Na actualidade, corenta e cinco voces mixtas integran a Coral, sendo maioritarias as femininas (sopranos e contraltos) fronte ás masculinas (baixos e tenores).

### TRAXECTORIA

Máis de 240 actuacións avalan unha traxectoria firme e consistente que levou á Coral a representar a Monforte en catorce ocasións no Festival Europeade, deixando constancia do seu bo facer en diferentes países.

Máis de oitenta concertos en localidades galegas, asturianas, e castelá-leonesas, entre as que destacamos, pola historia e maxestuosidade dos escenarios, as ofrecidas na Catedral de Tui e no Mosteiro de San Martiño Pinario, en Compostela.

A pesares deste extenso currículo, Monforte é a cidade onde máis veces actuou a Coral, superando os 140 concertos. Teñen citas xa tradicionais en diferentes escenarios. O Venres de Dolores na igrexa de Nosa Señora da Antiga, o Martes de Pascua e o día da Patroa na igrexa de San Vicente do Pino, polas Letras Galegas e polo Nadal no auditorio do Edificio Multiusos, e no verán no Festival de Habaneras na Praza de España.

Ademais de todas estas actuacións, a Coral Polifónica do Concello de Monforte gravou en 1999 un CD de polifonía variada.

## REPERTORIO

Amplio e variado son os dous adxectivos que definen o repertorio da Coral, unhas partituras que abranguen diferentes estilos, épocas e graos de dificultade interpretativa.

Folclore galego, habaneras, música sacra (interpretada en latín, alemán e galego), panxoliñas, boleros e canción iberoamericana, canción moderna adaptada á polifonía...

Dominar un repertorio tan diverso e amplo require un esforzo continuo que toma corpo en dous ou tres ensaios semanais, por cordas e xerais, e incluso catro cando hai actuacións.

## DIRECCIÓN

Fernando Sanmartino, músico profesional e director do conservatorio municipal, leva 25 anos á fronte da Coral Polifónica de Monforte, sendo o máximo responsable da engranaxe desta formación.

Despois de dirixir durante cinco anos a Coral de Samos, en 1997 asumiu o reto de poñerse á fronte da Coral monfortina, á que fixo medrar e coa que foi medrando como director “dirixir a Coral aportoume coñecementos e máis competencias para dirixir outras formacións musicais”.

Sanmartino sinala que “a expresión das mans é a que domina na dirección coral, cunha técnica distinta á empregada na dirección de bandas”.

O director encárgase de elixir o repertorio de cada actuación, de preparar ós/ás integrantes da Coral mediante exercicios de vocalización e técnica vocal, de ensaiar as pezas por seccións, e de “empastar” as voces das diferentes cordas ata chegar ó resultado final. Un proceso que require esforzo e dedicación por parte de cada integrante da formación.

“Empastar”, esa é a palabra que define a calidade dunha interpretación coral e a que marca o reto máis difícil para un director.

Empastar as voces é o máis complicado, lograr a conxunción entre tódalas tonalidades, conseguir que a masa coral sexa, máis que un conxunto de diferentes voces, a unión perfecta das mesmas.

Antes de cada actuación resulta esencial quentar as voces mediante diferentes exercicios e, para Fernando Sanmartino, tamén é fundamental “cantar e escoitarse no lugar onde se vai actuar, xa que cada sitio téñ unha acústica e unha sonoridade diferente”.

A experiencia do director, a súa meticulosidade no coidado dos detalles, e a total penetración cos integrantes da Coral, transforman o traballo semanal en exitosas actuacións.

## ENSAIOS

A Coral Polifónica do Concello de Monforte comezou a ensaiar no que por aquel entón se chamaba Centro de Maiores, no Malecón, onde permaneceron durante catro anos. Logo trasladáronse ás instalacións do Edificio Multiusos e, cando a situación sanitaria permitiu recuperar os ensaios despois da covid, decidiron regresar ás orixes, ó edificio que na actualidade leva o nome de Centro Cívico Social.

A decisión foi un acerto por varios motivos: ubicación máis céntrica, modernas instalacións, comodidade, e servizos complementarios que contribúen a reforzar un aspecto fundamental da Coral, a socialización.

Nestes ensaios, o director sitúase no escenario e os/as integrantes da Coral ocupan as butacas distribuídos por seccións de voces, poñéndose en pé cando lles toca cantar e escoitando ós demais cómodamente sentados.

O prolongado período no que a pandemia impediu continuar coa rutina dos ensaios repercutiu na Coral, na redondez das voces e na memorización das letras, acusando os/as integrantes a falta de práctica no hábito de cantar. Pero estes afeccionados/as á música coral son profesionais de corazón e, pouco a pouco, foron recuperando a súa mellor versión.

## FESTIVAL DE HABANERAS

Entre tódalas actuacións que a Coral Polifónica ofrece en Monforte ó longo do ano, a do Festival de Habaneras é a que máis público reúne, converténdose por méritos propios nunha cita inexcusable do verán na cidade do Cabe. Un concerto onde a formación monfortina está acompañada por outras corais, procedentes fundamentalmente de localidades galegas e asturianas.

Este Festival celebrouse por primeira vez no ano 1997 no Parque dos Condes. A segunda e terceira edicións desenvolvéronse no auditorio do Edificio Multiusos e, dende o ano 2000, a Praza de España converteuse no seu escenario habitual.

Fernando Sanmartino, director da Coral, considera que as Habaneras son, por diversos motivos, as pezas máis complicadas de preparar e de interpretar “teñen moita letra en tódalas voces, requiren de numerosos matices, son moi complexas e difíciles de empastar. Son composicións con moito movemento e moitas melodías que se entrecruzan, facendo unha especie de contrapunto”.

Os profanos na materia adoitamos pensar que as cotas máis elevadas de complexidade interpretativa corresponden á música sacra, unha cuestión sobre a que o director da Coral sinala “a música sacra engloba composicións cun alto grao de dificultade e outras moi sinxelas”.

Esta apreciación fará que este verán valoremos aínda máis as actuacións das corais que participen no Festival de Habaneras.



## CURIOSIDADES

Vinte e seis anos de historia dan para moitas lembranzas e anécdotas, comezando polo respectuoso recordo a aquelas persoas que formaron parte desta gran familia pero que hoxe xa non están.

Lembrando aquela viaxe a Italia na que algún integrante quedou a medio camiño, en Francia, ou os momentos de relación social despois de cada concerto, compartindo viños, pinchos e confidencias con integrantes doutras corais.

Máis dun cuarto de século cantando en todo tipo de escenarios e circunstancias. Con Negra Sombra, poema de Rosalía de Castro musicado polo lugués Juan Montes, como a peza máis veces interpretada, e con Carmina Burana, cantata escénica de Carl Orff, como a que presentou unha maior dificultade.

Moitos anos saudando a incorporación de xente nova procedente do Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez, e días de despedidas cando mozas e mozos marchan fóra para estudar ou traballar. O relevo xeracional e a incorporación da xente nova son sen dúbida o reto desta e doutras formacións.

A Coral Polifónica do Concello de Monforte é, ante todo, unha formación musical, pero tamén un espazo de encontro, diversión e relación, entre persoas que comparten a mesma paixón.

O esforzo por manter viva a Coral é patrimonio de todas e cada unha das persoas que a integran, mulleres e homes agradecidas/os ó público que lles transmite o seu cariño e ás institucións que os apoian.

Hai máis de 25 anos unha afición con maiúsculas foinas xuntando, embarcounas nun proxecto común, nun compromiso compartido, na mesma idea de esforzo e superación para lograr a excelencia.

Son un grupo de amantes da música e o canto, pero tamén un gran grupo de compañeir@s e amig@s. Uns afeccionad@s que se converten nos mellores profesionais cada día de ensaio e cando toca subir a un escenario.

As monfortinas e os monfortinos presumimos da Coral Polifónica do Concello de Monforte, valoramos o seu traballo e gozamos cos seus concertos.

Moitas felicidades, parabéns polos éxitos, e larga vida á Coral Polifónica de Monforte.

# COLABORACIÓNS

## O DEPORTE EN MONFORTE Miguel Piñeiro / El Progreso –Monforte

Monforte sabe a deporte. Cada día, as instalacións son un constante ir e vir de competidores e competidoras. Comezan entre semana, cos duros pero necesarios adestramentos, e rematan as findes, con uns torneos que ateigan de público as bancadas. A canteira manda, tanto entre os vestiarios do pavillón da Pinguela, coma nas pistas de atletismo que levan o nome da suprema Saleta Fernández pasando polas augas da piscina, entre outras moitas instalacións que o Concello pon a disposición dos deportistas para desenvolver o seu día a día.

Así leva xa cen anos o histórico Club Lemos, un dos equipos de fútbol máis antigos de Galicia. Segue a facer rodar a pelota polo verde. Antes fíxoo xogando os seus partidos coma local no Luis Bodegas, agora faíno na Pinguela. Os socios e socias pasan estes días desexando que as competicións volvan e con elas, as emocionantes disputas polos tres puntos en xogo domingo a domingo.

O fútbol gusta en Monforte, pero non é o único deporte que reina. O voleibol deu sempre grandes referentes e alegrías. Aí seguen o Ribeira Sacra e o Korbis, montando a rede e preparando rapazas e rapaces para representar a nosa cidade mesmo por España adiante. E non hai que saír do pavillón da Pinguela na procura de máis deporte. O Quicela e o Kendra sorprenden coas súas habilidades na fermosa práctica da ximnasia rítmica.

E ben preto do pavillón están as piscinas, tamén no mesmo recinto da Pinguela. O Club Natación Monforte comparte espazo con centos de veciños que cada día acoden a botarse a auga e a nadar. Deporte recomendable onde os haxa a natación, que nos últimos tempos deu non poucas alegrías en forma de medallas.

Nesa mesma zona de Monforte, corren cada día ducias de persoas, moitas delas integrantes do Club de Atletismo A Gándara. Moitos metais teñen caído grazas ao traballo dos seus técnicos.

De medallas saben moito tamén no Neka. Un dos nosos clubs máis viaxeiros chegou este ano nin máis nin menos que ao berce do taekwondo, o seu deporte, Corea do Sur. E de alí volveron os seus deportistas con grandes sensacións e dúas medallas de bronce. Si, en Monforte hai dous metais mundiais. O taekwondo e o Neka, coleccionista de medallas e éxitos, contribúen a ter un sitio destacado no mapa terráqueo.

Polas augas do río Cabe baixan moi raudas as piraguas do Quixós. No seu caso, e mira que resulta estrano, canto máis rápido se descenda, moito mellor. E sábeno facer moi ben estes palistas, que acadan un importante número de vitorias cada ano froito das horas e horas de adestramento, co embarcadoiro do parque dos Condes coma cuartel xeral.

E é que o deporte base cobra gran importancia en Monforte. A competición debe ir sempre da man da formación, como ben fai o Val de Lemos. Din que o baloncesto é un deporte de xente alta, pero neste club practícase dende ben pequeniños. E vaia partidos nos regalan cada fin de semana baixo a cuberta do pavillón do instituto Río Cabe.

E falando de clubs vencellados a centros educativos, que dicir do Calasancio. Esa eterna fábrica de futbolistas segue traballando ao carón dun BIC coma o colexio do Cardenal, que tanto orgullo nos fai sentir. Do mesmo xeito traballan noutra gran canteira, o CF Monforte, marcando goles nun Luis Bodegas que de xeito recente foi testemuña do rexurdir doutro dos nosos equipos históricos, o Monteforte, que aporta o seu gran de area ao imparabile auxe do fútbol feminino.

Que siga así por moitos anos. O deporte é saúde e paixón e así o amosan tamén a gran cantidade de monfortinos e monfortinas que de xeito non federado e tamén na escola fan exercicio, adestran e compiten. A carreira popular, que acolle a centos de corredores cada ano, ou as distintas probas ciclistas que percorren quilómetros pola Ribeira Sacra, un territorio que tamén sente orgullo polos seus deportistas, que axudan a afianzala no mapa.

# COLABORACIONES

## A “ZONA C”, UNHA OCASIÓN APROVEITADA Mario Iglesias, arquitecto, xullo de 2022

Era o ano 2000 cando o Concello de Monforte levou á aprobación definitiva unha modificación do seu planeamento urbanístico, para ordenar en detalle o espazo situado entre o treito inicial de rúa Cobas, o cauce do río Cabe, e o interior de fincas de rúa Ourense, ata finalizar á altura do tapón urbanístico de rúa Rof Codina. Denominou a este espazo a “zona C”.



A “Zona C”, no ano 2000

É este un ámbito de forma trapezoidal -cunha lonxitude que duplica a largura-, e que presenta unha longa fronte ao río. Daquela, atopábase ocupado fundamentalmente por hortas e terreos baldíos. No seu interior conservábanse tres antigas factorías, dúas delas sen actividade, e unha última que, tras reforma, viña de acoller a gardería municipal. Existía unha única vía pública : o chamado Camiño de Teceláns, que, dende o inicio da rúa Cobas -case na confluencia con rúa Ourense- partía recto cara o cauce e prestaba acceso á gardería, e que tiña continuación nunha pasarela sobre o río construída anos atrás. Na zona, amais, existía un tosco pecado urbanístico: o tapón da rúa Rof Codina


Ata aquí unha descrición xusta e imparcial do que era o ámbito no ano 2000. Pero había mais, moito mais. Trala áspera superficie había un tesouro agachado. A zona era, potencialmente, aquilo que moi poucas cidades teñen: a oportunidade dun amplo espazo libre no centro urbano. Que -amais-, desfrutaría dunha longa fachada ao río, e que -segundo amais- estaría situado xustamente fronte ao maior monumento da cidade, a Compañía. Todo eso é o que naquel ano 2000 souberon ver e decidiron aproveitar

Así que a nova ordenación traballou para aproveitar as oportunidades que o lugar brindaba: dispuxo un amplo espazo libre [mais de 8.500 m<sup>2</sup>] frontal ao cauce e que rodearía á gardería. E retrasou canto puido os volumes de edificación. O xusto para dar continuación á rúa Rof Codina, levándoa ata a rúa Cobas, e eliminando así o tapón urbanístico que groseiramente afeaba a zona dende había décadas

Tras unha longa tramitación, a ordenación entrou en vigor en abril de 2000, pasando a formar parte do planeamento urbanístico de Monforte. O proxecto estaba rematado, e só restaba executalo. De eso hai 22 anos ...



Sucedee con frecuencia que as forzas consumidas en aprobar un proxecto de ordenación semellan esgotar por completo as enerxías necesarias para súa execución. Sucede así que esta se demora, e mesmo en casos remata por non realizarse nunca. Durante 22 anos puido parecer que a zona C estaba condenada a converterse nun deses exemplos de urbanismo de papel, que nunca chega a saír dos planos, e que nunca será desfrutado por ningún cidadán. Por iso hai que felicitar-se porque aquel soño aprobado hai 22 anos fora rescatado do esquecemento, e fora perseguido ata que, proximamente, poderá ser desfrutado por todos os cidadáns.



A ordenación da "Zona C", en execución

Para a efectiva implementación da ordenación da zona C realizouse, en primeiro lugar, a reparcelación da mesma. Este é un proceso que tén como resultado a reconfiguración da propiedade, substituíndo os predios orixinais por un novo parcelario adaptado á ordenación, e que integra os viais proxectados e os espazos libres. As fincas orixinais en mans privadas son reemplazadas por solares edificables. Completada esta fase primeira, aínda restaba realizar a urbanización e dotación de servizos no ámbito. Esta é a etapa que, agora mesmo, se atopa en execución: a zona C está, en efecto, en obras dende comezos de ano.

Coa execución da ordenación da zona C, Monforte perderá un ámbito baldío que afeaba o centro urbano e a ribeira. Perderá unha rúa sen saída e un equipamento municipal escasamente accesible e situado no medio do baldío. E recibirá a cambio unha nova e ampla zona verde, situada no mesmo centro urbano e sobre a fronte fluvial, e un equipamento que pasará a estar no medio da mesma. O parque dos Condes terá continuación na outra beira do río. O Concello de Monforte terá dado un paso en facerse grande, probando que é quén de levar a término procesos complexos de xestión urbanística. E por último e mais importante, en Monforte se terá cumprido un bon soño de 22 anos.

# COLABORACIONES

## O Polígono Industrial de O Reboredo: o motor do desenvolvemento industrial de Monforte de Lemos Miguel Ángel de la Fuente Balboa Alumetal Monforte SL

O Polígono Industrial de O Reboredo, ubicado no Concello de Monforte de Lemos, nace no ano 1984, promovido e xestionado por aquel entón por Suelo Empresarial de Galicia (SIGALSA), hoxe Suelo Empresarial del Atlántico (SEA). O polígono ten unha parte que é municipal, como son as súas rúas, a iluminación ou o saneamento, así como algunhas parcelas, e 70 parcelas de uso industrial que son titularidade de SEA, que se encarga da xestión e venta das mesmas.

O Polígono de O Reboredo é un espazo industrial con moitas posibilidades e ben comunicado, por atoparse a 1,5 quilómetros da N-120 e tamén da futura autovía A-76, así como unha ubicación xeográfica que o pode facer atractivo para empresas de fora do noso ámbito territorial.

Logo duns anos nos que este espazo industrial e empresarial sufriu un certo estancamento, nos últimos tempos, e sobre todo dende a chegada do actual Goberno municipal, o Polígono de O Reboredo, na actualidade, por fin goza de moi boa saúde, froito dunha promoción que se veu facendo nos últimos anos, tanto dende o Concello, coma do SEA e o sector empresarial. Froito desta promoción e desta aposta decidida polo Polígono, foi a venta de moitas das súas parcelas, estando actualmente en proxecto varias construcións industriais.



Nova vía do Polígono Industrial de O Reboredo, ubicada na súa zona norte

Neste senso, a boa saúde do Polígono tamén se constata, sen dúbida, cando no ano 2021, Concello e SEA decidiron iniciar os trámites para a súa ampliación, co obxecto de cubrir a demanda actual de parcelas, e ó mesmo tempo, proxectalo cara o futuro.

Tamén, vimos de coñecer que o Concello levou a cabo a construción dunha nova vía na súa zona norte, de case medio quilómetro e dotada con todos os servizos de auga, alumeadado, saneamento e electricidade, que servirá para levar a cabo a tan necesaria ampliación cara esa zona do Polígono e ofrecer así máis parcelas para disposición das empresas.

E sen dúbida, a aposta de futuro do noso Polígono industrial de O Reboredo plásmase no novo Viveiro de Empresas Industrial que o Concello de Monforte de Lemos e a Xunta de Galicia veñen de construír nunha nave propiedade municipal. Un espazo que está aberto a emprendedores que queiran poñer en marcha proxectos e empresas de carácter industrial, e que será unha sede para eles, de carácter gratuito e onde poderán permanecer ata 3 anos para desenvolver os seus proxectos de empresa.

Os empresarios que formamos parte do Polígono industrial de O Reboredo apostamos claramente polo seu desenvolvemento futuro, porque creo que é un motor de avance económico e empresarial, porque creo que é onde máis emprego se crea, porque contribúe a fixar poboación e ó desenvolvemento doutros sectores tan importantes na nosa cidade, como o son o comercio ou a hostalería.

Porque o Polígono, non so contribúe ó crecemento de Monforte, senón tamén doutros concellos da nosa contorna, en definitiva, de toda a comarca de Lemos e da Ribeira Sacra. Creo que nos últimos anos levouse a cabo un bo traballo conxunto entre administración e empresarios, froito do cal podemos dicir que o Polígono e O Reboredo está de moda e ten moito futuro.

A convivencia e consolidación nel tanto de grandes como de pequenas empresas, e o bo facer ó longo destes anos, creo que está a atraer o interese de novas empresas, algunhas das cales están a piques de anunciar a ubicación dos seus proxectos neste espazo empresarial.

Por iso creo que debemos seguir traballando por e para a consolidación deste Polígono do Reboredo, apostando decididamente polo sector industrial que, unido ó sector agroalimentario e ó sector servizos, onde o turismo é sen dúbida outro dos motores esenciais, creo que van permitir que Monforte, a comarca de Lemos e a Ribeira Sacra, entren nunha etapa de moderado crecemento: crecemento industrial, crecemento económico, crecemento do emprego, e polo tanto, un crecemento socioeconómico no seu conxunto.

Non me queda máis que darlle a noraboa o conxunto de empresarios e administracións que estamos a traballar e a apostar firmemente polo Polígono industrial de O Reboredo, e quero trasladar a todos eles todo o meu ánimo e forza para seguir facendo as cousas como ata agora, porque o avance do Polígono de O Reboredo será sen dúbida o avance das nosas empresas e da nosa sociedade.

Finalmente quero desexarlle a todos os monfortinos e monfortinas, así como a quen nos visitan, e en especial a todos os empresarios do Polígono de O Reboredo e de Monforte de Lemos, moi felices Festas Patronais.



# Monforte de Lemos



- Hospital - Centros de Saúde
- Xulgados
- Zona Verde - Parque
- Estación de Autobuses
- Casa do Concello
- Casa da Cultura - Biblioteca
- Información - Turismo
- Escolas - Institutos
- Piscina Municipal
- Instalacións Deportivas
- Campos de Fútbol
- Comisaría de Policía
- Correos

- Rúas
- Estradas
- Paseo Peatonal
- Vía de Tren





# TELÉFONOS DE INTERESE

Concello de Monforte	982 402 501
Oficina Municipal de Turismo	982 105 303 - 982 404 715
Casa da Cultura	982 404 404
Edificio Multiusos	982 403 893
Policía Municipal	982 400 264 - 609 290 000
Servizos Sociais do Concello de Monforte	982 416 541
Área Polideportiva da Pinguela	982 403 150
Piscina Municipal	982 403 809
Centro de Información á Muller	982 416 350
Oficinas Municipais de Información ao Consumidor	982 875 126
Aqualia (Servizo Municipal de Augas)	982 400 009
Unidade Asistencial de Drogodependencias	982 400 495
Residencia da Terceira Idade	982 410 211
Urxencias	112
SOS Galicia	900 444 222
Hospital Comarcal	982 417 900
Urxencias médicas	061
Centro de Saúde	982 404 712 - 982 416 334
Ambulancias Salutrans	982 202 771
Unidade de Saúde Mental	982 404 611
Centro de Orientación Familiar	982 401 612
Servizo de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero	016
Teléfono da Muller 24 horas (permanente e gratuíto)	900 400 273
Instituto Nacional da Seguridade Social	982 411 300
Policía Nacional	982 402 245 - 091
Garda Civil	982 402 239
Garda Civil de Tráfico	982 402 017
Garda Civil EMUNE (Equipo da muller e do neno)	062
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 1	982 889 367 - 982 889 371
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 2	982 889 382 - 982 889 384
Fiscalía	982 889 395
Notaría	982 401 683
Rexistro Civil	982 889 389
Rexistro da Propiedade	982 401 238
Oficina de Emprego	982 828 700
Facenda	982 403 761
FENOSA atención ao cliente	900 100 251
Repsol Butano avarías	901 121 212
Correos e Telégrafos	982 402 468
Estación de Autobuses Monforte	982 402 694
Estación de Ferrocarril Monforte	912 320 320
ADIF Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	912 432 343
Parador Nacional	982 418 484
Inspección Técnica de Vehículos	902 309 000
Parada de taxis (Cardeal)	982 401 435
Parada de taxis (Estación)	982 401 002
El Progreso	982 403 400
La Voz de Galicia	982 416 014
Onda Cero Monforte	982 418 243
Radio Principal Cadea SER	982 400 512
En Común Monforte e Comarca	982 412 129



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



CONCELLO  
DE MONFORTE

**GADIS**